



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



MEMORIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E O CONCELLO DE NARÓN

Segundo establece a Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública (en adiante AGASP), este centro é un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería competente en materia de interior e xustiza, que ten as funcións de organizar e impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización dos membros dos corpos da Policía Local e do persoal das emerxencias dos concellos de Galicia.

Conforme aos artigos 140 da Constitución Española e 11 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os municipios son entidades locais territoriais con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

A actualización de contidos e a especialización en determinadas materias propias do seu posto de traballo, é unha actividade fundamental e prioritaria para o persoal que traballa nos departamentos de emerxencias e da seguridade pública dos diferentes concellos de Galicia.

A posibilidade de realizar esta formación nas propias instalacións dos concellos, supón un aforro importante para a administración, xa non soamente polo que supón o evitar os desprazamentos dos alumnos á sede da AGASP na Estrada, senón a perda do tempo e continuidade nos servizos establecidos, polo que é mais doado e eficaz establecer formación especializada e enfocada a problemática propia de cada entidade, xunto co establecementos dunhas quendas compatibles co servizo activo.

En consecuencia, de acordo cos principios de eficacia e descentralización da actuación administrativa, a AGASP pretende coa sinatura destes convenios, acercar a formacións aos centros de traballos dos destinatarios cando se trate de accións formativas nas que non sexa indispensable o uso das instalacións da AGASP, e se poidan desenvolver fóra da súa sede con igual ou semellante resultado.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



Con data 19 de marzo de 2017 foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia un modelo de convenio de colaboración marco a subscribir entre a Academia Galega de Seguridade Pública e os concellos galegos para a formación continua do persoal da seguridade pública e das emerxencias que traballan nos mesmos.

Na actualidade, coa entrada en vigor da nova normativa en materia de procedemento administrativo común e réxime xurídico das administracións públicas, vese oportuno a redacción dun novo convenio marco de colaboración axustado a normativa vixente no Sector Público segundo o establecido no Capítulo VI (artigos 47 a 53) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Este novo convenio marco ademais de axustarse a normativa vixente, supón maior axilidade e efectividade nos convenios que se asinen, para iso, e tendo en conta o mencionado con anterioridade e o esixido polo apartado segundo do artigo 11 da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, non é posible promover a concorrencia pública polas especiais características das actividades a desenvolver.

Solicítase, informe previo da Asesoría Xurídica, segundo o establecido no artigo 50.2 da citada lei 40/2015 ademais do disposto na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

A Estrada, 28 de agosto de 2017

O secretario xeral

Ramón Quiroga Limia

